



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: Aprobación das bases e nomeamento da comisión de selección director obradoiro dual de emprego "Empregabilidade na asistencia persoal".

EXPEDIENTE: 2024/E005/000017

ANTECEDENTES

ORDE do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024.

Informe emitido polo servizo de Intervención municipal para a solicitude do obradoiro dual de emprego "Empregabilidade na asistencia persoal", de data 25.03.2024.

Decreto núm. 431/2024, de data 12.03.2024 de aprobación do proxecto do obradoiro dual de emprego "Empregabilidade na asistencia persoal".

Resolución de Concesión de Subvención de data 18.09.2024 do Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego do Departamento territorial da Coruña, nº de expediente 15/0024/2024.

Resolución de alcaldía n.º1865/2024, de 30/10/2024, pola que se aproban as bases de selección para o alumnado e o persoal do obradoiro, con corrección de erros en resolución n.º1882/2024, de 04/11/2024.

Publicación das bases da convocatoria na sede electrónica o 30/10/2024, con rectificación de erros publicada o 04/11/2024.

Actas da comisión de valoración nomeada no Decreto de 5 de setembro de 2024, nas que se propón a contratación do persoal e alumnado que superou o proceso de selección.

Resolución de data 29/11/2024, pola que se contrata, entre outros traballadores, a Natalia Mª Barro Rochela como Directora do Obradoiro Dual.

Solicitude de data 11/12/2024, de Natalia Mª Barro Rochela, na que comunica o seu cese voluntario con data de efectos 15/12/2024.

Resolución de data 12/12/2024 pola que se aproban as bases para a selección dun director do obradoiro.

Resolución de data 02/01/2025 pola que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo e se declara deserto o mesmo, publicada no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica o 03/01/2025.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1. da Lei 5/1997, de 22 de



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011
Fax:981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección do director do obradoiro dual de emprego “Empregabilidade na asistencia persoal”. Estas bases teñen como finalidade, a determinación do sistema, procedemento e requisitos que se aplicarán no proceso de selección do persoal directivo participante no citado proxecto, quedando da seguinte maneira:



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011
Fax:981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

**“BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR E PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO
“EMPREGABILIDADE NA ASISTENCIA PERSOAL”**

O obradoiro de emprego “**Empregabilidade na asistencia persoal**” é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e promovido polo **Concello de Betanzos conveniado co Concello de Coirós**.

As especialidades a impartir son as seguintes:

- **Intervención socioeducativa con persoas con discapacidade (SSCE0111) (4 alumnos/as),**
- **Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (SSCS0108) (6 alumnos/as),**
- **Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208) (10 alumnos/as)**

A distribución por concellos é a seguinte:

Concello de Betanzos: 16 alumnos/as
Concello de Coirós: 4 alumnos/as

*No caso de que nalgún dos concellos non se chegue ao mínimo de alumnos/as seleccionados/as, poderase contratar a candidados/as de calquera dos outros concellos que participan no proxecto.

As actuacións a realizar son as seguintes:

- 1.- Actividades de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais na Residencia García Hermanos.**
- 2.- Actividades de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais en ASPACE.**
- 3.- Actividades de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade no Centro PAI-MENNI.**
- 4.- Actividades de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade en ASPRONAGA.**
- 5.- Actividades de atención sociosanitaria a persoas no domicilio no SAF de Betanzos.**



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

O obradoiro terá unha duración de 9 meses e formará a 20 alumnos/as traballadores/as. O alumnado traballador será contratado, baixo a modalidade de contrato de formación en alternancia de acordo co previsto na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, modificado polo Real decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo. O alumnado traballador percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

1 DIRECTOR/A a xornada completa.

1 MESTRE DE ESPECIALIDADE rama social nos certificados SSCS0108 e SSCS0208 e apoio ó certificado SSCE0111. (xornada completa)

1 MESTRE DE ESPECIALIDADE rama social no SSCE0111 e apoio ós certificados SSCS0108 e SSCS0208. (xornada parcial 75%)

1 MESTRE DE ESPECIALIDADE rama sanitaria nos certificados SSCS0108 e SSCS0208. (xornada parcial 50%)

1 MESTRE/A DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA, TITOR/A E DOCENTE ESPECIALIDADE e apoio nos certificado de profesionalidade SSCE0111, e na rama social nos certificados SSCS0108 e SSCS0208, (xornada parcial 75%)

1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, (xornada completa)

En vista da normativa exposta propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A comisión de selección estará formado por tres persoas nomeadas pola entidade promotora. A presidencia da comisión de selección recaerá nunha das persoas nomeadas. Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte da comisión de selección.

As decisións da comisión de selección tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes.

Este proxecto terá como data límite prevista para o seu inicio o 02/12/2024, segundo se establece na ORDE do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR353A). (DOG Núm. 38 do 22/02/2024).

PROCEDIMENTO SELECCIÓN PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro dual de emprego "Empregabilidade na asistencia persoal", terá lugar a selección do persoal directivo, docente e de administrativo. Realizarase conforme o establecido na ORDE do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR353A). (DOG Núm. 38 do 22/02/2024) e o procedemento específico regulado nas Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego do 15.07.2024 en relación co

documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio e administrativo así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego para a convocatoria 2024-2025.

O procedemento de selección do persoal deste programa de emprego realizarase a través de **convocatoria pública**, que é o sistema polo que opta a entidade promotora para a admisión de persoas candidatas para as diferentes prazas en aplicación do artigo 12 da ORDE da convocatoria e o establecido no apartado 8 das Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego de data 15.07.2024. A convocatoria farase pública mediante a exposición nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego correspondentes, así como nos taboleiros de anuncios e da sede electrónica do concello promotor.

As solicitudes para participar no proceso selectivo deberán presentarse, preferiblemente por vía electrónica a través da sede electrónica municipal (<https://sede.betanzos.gal/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral>) a documentación xustificativa do currículo, acreditativa dos seus méritos. Tamén se poderán presentar as solicitudes de forma presencial (con cita previa) no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares establecidos pola normativa reguladora do procedemento administrativo común:

As persoas que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar instancia dirixida a alcaldesa.

O prazo de presentación será de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases na Sede Electrónica do Concello de Betanzos, acompañada do DNI ou NIE. Así mesmo, achegaranse a documentación acreditativa dos requisitos mínimos necesarios para a admisión, segundo o previsto para cada unha das prazas no apartado correspondente destas bases. Tamén se achegará a documentación acreditativa dos méritos alegados na instancia para a súa valoración:

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados, que se xustificarán cos correspondentes certificados ou diplomas.
- A experiencia profesional, que computará en proporción da xornada realizada e deberá xustificarse:
 - Traballo por conta allea: contratos de traballo ou certificados de empresa e vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada.
 - Traballadores autónomos: alta e baixa no imposto de actividades económicas xunto co último recibo ou documento que lle exima da devandita obriga.
 - Traballos no estranxeiro: certificación oficial na que conste a ocupación desempeñada e os períodos traballados.

As persoas candidatas que non acrediten axeitadamente os requisitos de titulación e/ou experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que non terá lugar a entrevista e o seu currículo non será obxecto de baremación.

Os requisitos esixidos para participar no proceso selectivo non serán obxecto de baremación. Os méritos baremables deben estar en todo caso relacionados coas funcións a desenvolver.

Requisitos mínimos esixidos serán de titulación e experiencia profesional para cada un dos postos.

Tamén serán excluídos do proceso aqueles candidatos que incorran en calquera tipo de falsedade documental.

A comisión de selección admitirá a todas aquelas persoas candidatas que presenten os requisitos mínimos e en calquera momento, antes de realizar a entrevista, poderá habilitar un período para a emenda se o considera oportuno. A comisión seleccionadora publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Betanzos a relación de persoas candidatas admitidas e excluídas.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

Do mesmo xeito que o indicado no parágrafo anterior publicárase a relación definitiva de persoas candidatas admitidas e excluídas e anunciará o lugar, día e hora no que terá lugar as entrevistas que deberán realizar todas as persoas aspirantes admitidas. Se por algún motivo, algunha das persoas candidatas propostas non cumpre cos requisitos mínimos esixibles para poder optar a participar no programa de emprego, así se fará constar pola entidade promotora.

O proceso de selección constará de dúas fases: unha entrevista persoal e a continuación a baremación de méritos aportados polas persoas candidatas. A puntuación da entrevista será do 35% da puntuación total do proceso selectivo.

A comisión de selección redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial (**Servizo de Orientación e Promoción Laboral**), acompañada da relación de persoas candidatas admitidas e excluídas indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

No caso de igualdade na puntuación o criterio de desempate axustarase aos criterios seguintes:

- O maior tempo acreditado de inscrición como demandante de emprego
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizados
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- A puntuación obtida no apartado de experiencia docente, se fose o caso
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias
- A puntuación do apartado de coñecemento idioma galego
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados

PUBLICACIÓNS E/OU NOTIFICACIÓNS

A comisión de selección acordará a publicación das bases asinadas e dos resultados no taboleiro de anuncios das oficinas de emprego de Ferrol-centro e das oficinas que comprenden o ámbito territorial dos respectivos concellos, así como na páxina web da entidade promotora e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

FUNCIÓNS:

A persoa candidata seleccionada encargárase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do obradoiro, concretamente:

Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións

Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e ante os **Concellos de Betanzos e Coirós** as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.

Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.

Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

Colaborar e coordinar co mestre de xestión empresarial nos módulos de orientación, formación profesional, formación empresarial e asesoramento para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.

Colaborar nos módulos transversais de Sensibilización en Igualdade de Xénero e Sensibilización ambiental
Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencia, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.

Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.

Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.

Será contratado/a a tempo completo.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Diplomatura/licenciatura/grao na rama social

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

- Doutoramento: 1,25
- Licenciatura ou grao: 1,50
- Diplomatura: 1
- Máster: 0,75 (+ 500H) e 0,50 (ata 500H)
- Postgrao: 0,50 (+ 300H) e 0,25 (ata 300H)
- Título Técnico Superior: 0,50
- Título Técnico Medio: 0,30

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 1,5 puntos.

A titulación mínima esixida para o acceso ao proceso unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 4,5 puntos.

- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 3 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 7,5 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

Cursos realizados:



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 49 horas: 0,10
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,20
- Cursos de 100 ou máis horas: 0,30
- Cursos de 300 ou máis horas: 0,50

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,25
- Celga 4 ou equivalente: 0,50
- Celga 5: 1 punto
- Curso medio linguaxe administrativa: 0,75
- Curso superior linguaxe administrativa: 1

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación desemprego:

Computarase o período de inscrición como demandante de emprego, en situación efectiva de desemprego, nos últimos dous anos: 0,25 puntos por cada 3 meses

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.

Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 7 puntos.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso igualdade na puntuación o criterio de desempate será o establecido nestas bases xerais.

SEGUNDO.- Nomear á comisión de selección que estará composta polos seguintes membros:

Presidente: Justo Javier Pedreira Dopico, director CFO do Concello de Betanzos.

Vogal 1ª: Mapoula Díaz Varela, orientadora laboral do Concello de Betanzos.

Vogal 2º: Diego Fortes González, funcionario do Concello de Betanzos.

Presidente suplente: Elena Encinas Pena, funcionaria do Concello de Betanzos.

Vogal 1º suplente: Antonio Vara Fiaño, funcionario do Concello de Betanzos.

Vogal 2º suplente: Isabel Montes Sánchez, funcionaria do Concello de Betanzos



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

TERCEIRO. Notificarlle esta resolución á/s persoa/s interesada/s, comunicarlle aos servizos municipais afectados, e dar conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

Documento asinado electronicamente en Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa
María Barral Varela

O secretario acctal.
Daniel Pereiro Cachaza